**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 29 DE MAIO DE 2025**

En Laxe, sendo as 20:00 horas do 29 de maio de 2025, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión ordinaria, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP), presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dona Raquel Lema Allo (PP)
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Daniel Mata Martínez (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Dona Begoña Gegúndez Allo (PP)

Don Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)
Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Francisco José Vidal Castro (Integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG PSOE)
Don Fernando del Moral Regaldíe (Integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS PODEMOS)

Actúa como secretaria-interventora accidental deste concello, Dona Emilia Alborés Lema.

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na Orde do Día.

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 27/03/2025. Expte. núm. 2025/G006/000017.**

Dase conta do borrador da acta da sesión anterior de data 27/03/2025 para a súa consideración polo Pleno da Corporación.

Non habendo intervencións, sométese a votación o borrador anterior, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 11 [(6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro representante do PSdeG PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS**: 0

Queda por tanto, aprobado o borrador do pleno de data 27/03/2025.

**2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚM. 2025/X998/000102 SOBRE CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPTE. OFI 9/2025, ASÍ COMO O RECOÑECEMENTO ESTRAXUDICIAL E PAGO DE FACTURAS.**

Dase conta da seguinte proposta:

***"PROPOSTA SOBRE A CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPEDIENTE OFI 9/2025***
***EXP. Nº: 2025/X998/000102***
*Sométese a aprobación do Pleno da Corporación as facturas pola prestación do servizo de axuda no fogar, polas modalidades de dependencia e libre concurrencia, correspondentes aos meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril de 2025, presentadas pola empresa prestadora do servizo Senes Cit S.L.*
*O servizo de axuda no fogar é un servizo municipal integral, polivalente e comunitario, orientado a unidades familiares que presentan dificultades para a realización de actividades elementais da vida diaria, proporcionándolles atención, mediante intervencións específicas que favorezan a súa*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*permanencia e integración no seu entorno habitual, e compensen a súa restrición de autonomía funcional. Estamos, por tanto, ante un servizo esencial que ten unha alta demanda, motivada principalmente polo avellentamento da poboación.*

*Considerando que o actual expediente de contratación coa empresa Senes Cit S.L. excede dos límites do contrato menor, iniciouse o expediente de contratación por procedemento aberto, da prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Laxe, número 2025/C002/000002, polo que mediante providencia desta alcaldía, de data 27 de xaneiro de 2025, se dispón que por parte do Departamento de Servizos Sociais Municipal, por ser o que coñece o funcionamento do mencionado servizo, se elaboren os pregos de prescricións técnicas para licitar o contrato de prestación deste servizo.*

*Neste momento, este expediente está en fase de elaboración dos pregos de características técnicas e da memoria económica, trámites necesarios para poder avanzar no procedemento de licitación do servizo.*

*ANTECEDENTES:*

*-Propostas de alcaldía de datas 02/05/2025 e 23/05/2025.*

*-Solicitude de intervención ao xestor sobre os motivos da omisión da función interventora de data 19/05/2025 e 23/05/2025*

*-Informe xustificativo sobre as prestacións realizadas asinado pola Alcaldía o día 23/05/2025.*

*-Informe de omisión de fiscalización de 23/05/2025.*

*NORMATIVA APLICABLE:*

*- Artigos 47, 48, 52, 106 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

*- Artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo cal se regula o Réxime Xurídico de Control Interno nas entidades do Sector Público Local.*

*CONSIDERACIÓNS:*

*1.- Dispón o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril que si o órgano interventor ao coñecer dun expediente observase omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciase aquel e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta, co fin de que, unindo este informe ás actuacións, poida o Presidente da Entidade Local decidir si continua o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso, procedan.*

*Nos casos nos que a omisión da fiscalización previa refírase ás obrigacións ou gastos cuxa competencia sexa de Pleno, o Presidente da Entidade Local deberá someter a decisión do Pleno si continúa o procedemento e as demais actuacións que, no seu caso, procedan.*

*A lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, dispón na súa Disposición Adicional 2ª. Competencias en materia de contratación nas Entidades Locais.*

*1. Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido a os recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.*

*2. Corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade Local, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao Alcalde ou Presidente da Entidade Local, conforme o apartado anterior. Así mesmo, corresponde ao Pleno a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 desta Lei.*

*De conformidade co Informe de intervención de data 23/05/2025 o órgano competente sería o Pleno da Corporación por superar os importes indicados na D.A. 2ª parágrafo 1º da Lei contratos do sector Público.*

*Si tomamos en consideración a facturación do Servizo durante o exercizo de 2024, resulta que o importe do mesmo ascendería a 386.359,49 €. Os recursos ordinarios do orzamento do exercicio de 2025 (prorrogado de 2024), ascenden a 2.878.073,51€, polo que o 10% serían 287.807,35€, excedendo por tanto a contía sinalada na Disposición adicional 2ª da Lei de contratos do sector público en canto ao límite para a competencia como órgano de contratación da Alcaldía, correspondendo por tanto ao Pleno da Corporación.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*2.- Tendo en conta as circunstancias relativas a este gasto e a documentación que consta no expediente, é obrigado atender ao mesmo para evitar prexuízo aos provedores e o correlativo enriquecemento inxusto da Administración, xa que o servizo foi efectivamente prestado.*
*Ademáis e dado que estamos ante un servizo esencial e básico para a poboación deste concello, cómpre que a empresa continúe coa súa prestación ata a licitación dun novo contrato.*
*3.- Consta a efectiva realización dos traballos e a conformidade co prezo de mercado, segundo informe de Alcaldía de data 23/05/2025.*
*4.- Considerando que está iniciado o expediente de contratación polo procedemento aberto, da prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Laxe, número 2025/C002/000002, e que neste momento se atopa en fase de elaboración dos pregos de características técnicas e da memoria económica.*
*Esta alcaldía facendo uso das competencias atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do réxime local, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte*
*ACORDO:*
***PRIMEIRO.-** Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer extraxudicialmente as obrigas correspondentes á seguinte relación de facturas que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.*

| Nº de Entrada | Fecha | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Situación | Tercero | Nombre | Texto Explicativo | Aplic. | Fecha Conformidad |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2025/183 | 14/02/2025 | 01 263 | 14/02/2025 | 3485,63 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. XANEIRO 2025 | 2025 231 22799 2025/3/SSSAD | 27/02/2025 |
| F/2025/184 | 14/02/2025 | 01 262 | 14/02/2025 | 32812,84 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. XANEIRO 2025 / HORAS EN DIAS LABORAIS / HORAS EN DIAS FESTIVOS, DOMINGOS | 2025 231 22799 2025/3/SSSAD | 27/02/2025 |
| F/2025/325 | 14/03/2025 | 01 287 | 14/03/2025 | 3281,85 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. FEBREIRO 2025 / HORAS EN DIAS LABORAIS | 2025 231 22799 2025/3/SSSAD | 02/04/2025 |
| F/2025/326 | 14/03/2025 | 01 286 | 14/03/2025 | 29704,73 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. FEBREIRO 2025 / HORAS EN DIAS LABORAIS / HORAS EN DIAS FESTIVOS, DOMINGOS | 2025 231 22799 2025/3/SSSAD | 02/04/2025 |
| F/2025/425 | 08/04/2025 | 01 295 | 08/04/2025 | 4090,09 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. MARZO 2025 | 2025 231 22799 2025/3/SSSAD | 14/04/2025 |
| F/2025/426 | 08/04/2025 | 01 294 | 08/04/2025 | 32744,09 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. MARZO 2025 | 2025 231 22799 2025/3/SSSAD | 14/04/2025 |
| F/2025/564 | 14/05/2025 | 01 322 | 14/05/2025 | 3902,83 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. ABRIL 2025 | 2025 231 22799 2025/3/SSSAD | 22/05/2025 |
| F/2025/565 | 14/05/2025 | 01 321 | 14/05/2025 | 29.356,32 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. ABRIL 2025 | 2025 231 22799 2025/3/SSSAD | 22/05/2025 |

***SEGUNDO.-** Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos."*

O sr. alcalde explica brevemente a proposta.
Dona Cristina Vázquez del Prisco, concelleira do BNG de Laxe manifesta que seguen mantendo a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

mesma posición e votan en contra mentras non se saque o concurso, aclarando que están de acordo en que se pague aos provedores.
Don Francisco José Vidal Castro, integrante do Grupo Mixto e representante do PSdeG-PSOE manifestase na mesma posición.
Don Fernando del Moral Regaldíe, integrante do Grupo Mixto e representante de UNIDAS-PODEMOS manifesta que vota en contra polo mesmo de sempre.
O sr. alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) resposta que a intención é a de licitar o servizo e que se está elaborando a memoria técnica.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)
**VOTOS EN CONTRA:** 5 [3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]
ABSTENCIÓNS: 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer extraxudicialmente as obrigas correspondentes á seguinte relación de facturas que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.

| Nº de Entrada | Fecha | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Situación | Tercero | Nombre | Texto Explicativo | Aplic. | Fecha Conformidad |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2025/183 | 14/02/2025 | 01 263 | 14/02/2025 | 3485,63 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. XANEIRO 2025 | 2025 231 22799 2025/3/SSSAD | 27/02/2025 |
| F/2025/184 | 14/02/2025 | 01 262 | 14/02/2025 | 32812,84 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. XANEIRO 2025 / HORAS EN DIAS LABORAIS / HORAS EN DIAS FESTIVOS, DOMINGOS | 2025 231 22799 2025/3/SSSAD | 27/02/2025 |
| F/2025/325 | 14/03/2025 | 01 287 | 14/03/2025 | 3281,85 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. FEBREIRO 2025 / HORAS EN DIAS LABORAIS | 2025 231 22799 2025/3/SSSAD | 02/04/2025 |
| F/2025/326 | 14/03/2025 | 01 286 | 14/03/2025 | 29704,73 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. FEBREIRO 2025 / HORAS EN DIAS LABORAIS / HORAS EN DIAS FESTIVOS, DOMINGOS | 2025 231 22799 2025/3/SSSAD | 02/04/2025 |
| F/2025/425 | 08/04/2025 | 01 295 | 08/04/2025 | 4090,09 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. MARZO 2025 | 2025 231 22799 2025/3/SSSAD | 14/04/2025 |
| F/2025/426 | 08/04/2025 | 01 294 | 08/04/2025 | 32744,09 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. MARZO 2025 | 2025 231 22799 2025/3/SSSAD | 14/04/2025 |
| F/2025/564 | 14/05/2025 | 01 322 | 14/05/2025 | 3902,83 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. ABRIL 2025 | 2025 231 22799 2025/3/SSSAD | 22/05/2025 |
| F/2025/565 | 14/05/2025 | 01 321 | 14/05/2025 | 29.356,32 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. ABRIL | 2025 231 22799 2025/3/SSSAD | 22/05/2025 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | 2025 | | |

**SEGUNDO.-** Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos.

**3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚM. 2025/X998/000124 SOBRE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 12/2025, REPARO 7/2025 E PAGO DE FACTURAS.**

Dase conta da seguinte proposta:

*"PROPOSTA DE ALCALDÍA PLENO*
*APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 12/2025*
*Nº Exp 2025/X998/000124*
*Vista as facturas con RE de data 21/05/2025 por importe de 2.307,32 euros, facturas con rexistro de entrada do exercizo de 2025 correspondentes actuacións de exercizos pechados, de diversas prestacións, que precisan do previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno para poder ser aprobados, tal e como dispón o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.*
*Considerando o informe de reparo de intervención de data 23 de maio de 2025, e advertido do principio de anualidade do orzamento e de especialidade dos créditos a gastar por unha entidade pública, e tendo en conta a atenuación pola Xurisprudencia da aplicación deles en virtude do principio de enriquecemento inxusto que obriga a Administración a pagar aqueles traballos efectuados.*
*Considerando que se trata dun gasto necesario para a realización da actividade municipal, que se axusta ao prezo de mercado e que foi prestado a satisfacción desta administración municipal, debendo ser aboado pois no caso contrario produciríase un enriquecimento inxusto da administración a costa dun empobrecemento do provedor,*
*Considerando os art. 26.2 e 60.2 do RD 500/1990, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:*
*PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia formulada no informe de reparo de intervención nº 7/2025 de data de 23 de maio de 2025.*
*SEGUNDO.- Aprobar o Expediente de recoñecemento extraxudicial de obrigas nº 12/2025 cun importe de 2.307,32 euros, con cargo ao Orzamento Xeral Municipal prorrogado de 2024 para o 2025, e proceder á autorización, disposición e recoñecemento, e liquidación da obriga con cargo a partida orzamentaria correspondente:*

| *Nº de Entrada* | *Fecha* | *Nº de Documento* | *Fecha Dto.* | *Importe Total* | *Situación* | *Tercero* | *Nombre* | *Texto Explicativo* | *Aplic.* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *F/2025/39* | *16/01/2025* | *1250002088* | *10/01/2025* | *119,69* | *CO* | *G28029643* | *SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES* | *0003403234 SALON DE ACTOS CONCELLO DE LAXE REPRESENTACION 26/10/2024 VAITE RABARIGA DE TARABELA CREATIVA* | *2025 334 22609* |
| *F/2025/474* | *14/04/2025* | *FE25321491978452* | *09/01/2025* | *2066,63* | *CO* | *A08431090* | *NATURGY IBERICA S.A.* | *ENERGIA ELECTRICA PERIODO DEL 01/12/2024 - 31/12/2024 CPI CABO DE AREA* | *2025 320 22100* |
| *F/2025/535* | *30/04/2025* | *382-2025* | *25/04/2025* | *121* | *CO* | *52435561T* | *ISIDRO RODRIGUEZ PONTE* | *TRATAMIENTO DE DESRATIZACION EN EL MUSEO DEL MAR EN EL PERIODO DE OCTUBRE 2024 A ABRIL DE 2025* | *2025 334 22799 "* |

O sr. alcalde explica brevemente a proposta.
Dona Cristina Vázquez del Prisco, concelleira do BNG de Laxe manifesta que segue mantendo a mesma postura, non está en contra que se paguen as facturas, pero que votan en contra por estar reparado.
Don Francisco José Vidal Castro, integrante do Grupo Mixto e representante do PSdeG-PSOE manifesta que aínda que son facturas pequenas, debe estar o contrato licitado. Ao que lle resposta o alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) que no Pleno anterior xa se dixera que se firmara o contrato coa Central de Contratación da Femp e que estas facturas están reparadas porque o gasto do CPI non debería ser asumido polo concello.
Don Fernando del Moral Regaldíe, integrante do Grupo Mixto e representante de UNIDAS-PODEMOS manifesta que vai votar en contra mentres se siga mantendo este proceder.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)
**VOTOS EN CONTRA:** 4 [3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]
ABSTENCIÓNS: 1 [Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PsdeG-PSOE)]

Polo tanto, queda aprobado o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia formulada no informe de reparo de intervención nº 7/2025 de data de 23 de maio de 2025.

SEGUNDO.- Aprobar o Expediente de recoñecemento extraxudicial de obrigas nº 12/2025 cun importe de 2.307,32 euros, con cargo ao Orzamento Xeral Municipal prorrogado de 2024 para o 2025, e proceder á autorización, disposición e recoñecemento, e liquidación da obriga con cargo a partida orzamentaria correspondente:

| Nº de Entrada | Fecha | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Situación | Tercero | Nombre | Texto Explicativo | Aplic. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2025/39 | 16/01/2025 | 1250002088 | 10/01/2025 | 119,69 | CO | G28029643 | SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES | 0003403234 SALON DE ACTOS CONCELLO DE LAXE REPRESENTACION 26/10/2024 VAITE RABARIGA DE TARABELA CREATIVA | 2025 334 22609 |
| F/2025/474 | 14/04/2025 | FE25321491978452 | 09/01/2025 | 2066,63 | CO | A08431090 | NATURGY IBERICA S.A. | ENERGIA ELECTRICA PERIODO DEL 01/12/2024 - 31/12/2024 CPI CABO DE AREA | 2025 320 22100 |
| F/2025/535 | 30/04/2025 | 382-2025 | 25/04/2025 | 121 | CO | 52435561T | ISIDRO RODRIGUEZ PONTE | TRATAMIENTO DE DESRATIZACION EN EL MUSEO DEL MAR EN EL PERIODO DE OCTUBRE 2024 A ABRIL DE 2025 | 2025 334 22799 |

**4.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚM. 2025/X998/000125 SOBRE CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPTE. OFI NÚM. 11/2025, ASÍ COMO O RECOÑECEMENTO ESTRAXUDICIAL E PAGO DE FACTURAS.**
Dase conta da segunte proposta:

***"PROPOSTA SOBRE A CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPEDIENTE OFI 11/2025 , RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 13/2025.***
***EXP. Nº: 2025/X998/000125***

*ANTECEDENTES:*
*Proposta de alcaldía de data 21/05/2025.*
*Solicitude de intervención ao xestor sobre os motivos da omisión da función interventora 22/05/2025*
*Informe xustificativo sobre as prestacións realizadas, asinado por esta Alcaldía o día 22/05/2025.*
*Informe de omisión de fiscalización, asinado pola Secretaría-intervención o 23/05/2025, conforme ao art. 28 do RD 424/2017 de 28 de abril.*
*NORMATIVA APLICABLE:*
*- Artigos 47, 48, 52, 106 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*
*- Artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo cal se regula o Réxime Xurídico de Control Interno nas entidades do Sector Público Local*
*CONSIDERACIÓNS:*
*1.- Dispón o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril que si o órgano interventor ao coñecer dun expediente obsérvase omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciase aquel e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta, co fin de que, unindo este informe ás actuacións, poida o Presidente da Entidade Local decidir si continua o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso, procedan.*
*Nos casos nos que a omisión da fiscalización previa refírase ás obrigacións ou gastos cuxa competencia sexa de Pleno, o Presidente da Entidade Local deberá someter a decisión do Pleno si continúa o procedemento e as demais actuacións que, no seu caso, procedan.*
*2.- Tendo en conta as circunstancias relativas a este gasto e a documentación que consta no expediente, é obrigado atender ao mesmo para evitar prexuízo aos provedores e o correlativo enriquecemento inxusto da Administración, xa que o servizo foi efectivamente prestado, servizo que se considera esencial para o adecuado funcionamento do conxunto dos servizos públicos.*
*Consta a efectiva realización dos traballos e a conformidade co prezo de mercado, segundo informe de Alcaldía de data 22/05/2025.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*Advertido do principio de anualidade do orzamento e de especialidade dos créditos a gastar por unha entidade pública, e tendo en conta a atenuación pola Xurisprudencia da aplicación deles en virtude do principio de enriquecemento inxusto que obriga a Administración a pagar aqueles traballos efectuados.*
*Por outra banda, de acordo ao previso no artigo 110 da Lei 39/2015, esta alcaldía entende que non procedería instar a revisión de oficio, dado que esta resultaría contraria á equidade, á boa fe, aos dereitos dos particulares ou ás leis.*
*Dacordo cos antecedentes e fundamentos de dereito indicados, en virtude dos artigos 52 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e facendo uso das competencias atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do réxime local, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:*
***PRIMEIRO.-** Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer as obrigas correspondentes á seguinte relación de facturas que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.*

| *Nº de Entrada* | *Fecha* | *Nº de Documento* | *Fecha Dto.* | *Importe Total* | *Situación* | *Tercero* | *Nombre* | *Texto Explicativo* | *Partida* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *F/2025/476* | *14/04/2025* | *FE25321491595527* | *03/01/2025* | *68,74* | *CO* | *A08431090* | *NATURGY IBERICA S.A.* | *ENERGIA ELECTRICA PERIODO DEL 25/11/2024 - 17/12/2024 PISCINA MUNICIPAL* | *2025 340 22100* |
| *F/2025/479* | *14/04/2025* | *FE25321491978453* | *09/01/2025* | *389,56* | *CO* | *A08431090* | *NATURGY IBERICA S.A.* | *ENERGIA ELECTRICA PERIODO DEL 01/12/2024 - 31/12/2024 POLIDEPORTIVO* | *2025 340 22100* |
| *F/2025/491* | *14/04/2025* | *FE25321493098798* | *31/01/2025* | *113,5* | *CO* | *A08431090* | *NATURGY IBERICA S.A.* | *ENERGIA ELECTRICA PERIODO DEL 18/12/2024 - 23/01/2025 PISCINA MUNICIPAL* | *2025 340 22100* |
| *F/2025/494* | *14/04/2025* | *FE25321493098797* | *31/01/2025* | *881,92* | *CO* | *A08431090* | *NATURGY IBERICA S.A.* | *ENERGIA ELECTRICA PERIODO DEL 18/12/2024 - 26/01/2025 CENTRO SOCIAL DE TRABA* | *2025 334 22100* |

***SEGUNDO.-** Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos.”*

O sr. Alcalde explica brevemente a proposta.
Non habendo intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)
**VOTOS EN CONTRA:** 5 [3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]
ABSTENCIÓNS: 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer as obrigas correspondentes á seguinte relación de facturas que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.

| Nº de Entrada | Fecha | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Situación | Tercero | Nombre | Texto Explicativo | Partida |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2025/476 | 14/04/2025 | FE25321491595527 | 03/01/2025 | 68,74 | CO | A08431090 | NATURGY IBERICA S.A. | ENERGIA ELECTRICA PERIODO DEL 25/11/2024 - 17/12/2024 PISCINA MUNICIPAL | 2025 340 22100 |
| F/2025/479 | 14/04/2025 | FE25321491978453 | 09/01/2025 | 389,56 | CO | A08431090 | NATURGY IBERICA S.A. | ENERGIA ELECTRICA PERIODO DEL 01/12/2024 - 31/12/2024 POLIDEPORTIVO | 2025 340 22100 |
| F/2025/491 | 14/04/2025 | FE25321493098798 | 31/01/2025 | 113,5 | CO | A08431090 | NATURGY IBERICA S.A. | ENERGIA ELECTRICA PERIODO DEL 18/12/2024 - 23/01/2025 PISCINA MUNICIPAL | 2025 340 22100 |
| F/2025/494 | 14/04/2025 | FE25321493098797 | 31/01/2025 | 881,92 | CO | A08431090 | NATURGY IBERICA S.A. | ENERGIA ELECTRICA PERIODO DEL 18/12/2024 - 26/01/2025 CENTRO SOCIAL DE TRABA | 2025 334 22100 |

**SEGUNDO.**- Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos.

## 5.- APROBAR A SOLICITUDE DE DITAME PRECEPTIVO DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

**DO ACTO DE APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA E PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE GUÍA TURÍSTICO MEDIOAMBIENTAL E DUNHRA PRAZA DE ANIMADOR/A CULTURAL, ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL. EXPTE. NÚM. 2025/E005/000004.**

Dase conta da seguinte proposta:

*"PROPOSTA DE ALCALDÍA*

*Con data do 23 de maio de 2023, por Resolución de Alcaldía núm. 439/2023, ao abeiro das previsións legais da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, aprobáronse as bases específicas para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha praza de Guía Turístico e Mediambiental e dunha praza de Animador/a Cultural.*

*O requisito de titulación esixido para a praza de Guía Turístico e Medioambiental foi o de Diplomatura en Turismo ou grao universitario en Turismo ou equivalente e para a praza de Animador/a Cultural foi a titulación de Diplomatura ou grao universitario en Educación Social ou equivalente.*

*A Lei 20/2021 trata de reducir a temporalidade no emprego público articulando un proceso de estabilización do emprego temporal que afecta a prazas de natureza estructural, que xa viñan estando ocupadas por persoal temporal. Deste xeito, deben estabilizarse as prazas para as que os empregados públicos foron nomeados e contratados, de acordo coas funcións e categorías profesionais da súa contratación inicial.*

*Por tanto, a finalidade da Lei non é a modificación da categoría profesional dos empregados temporais que ocupan estes postos, nin pode derivar en incremento de gasto nin de efectivos.*

*As bases específicas de estabilización aprobadas para estas dúas prazas son contrarias á esencia da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, atendendo a que o requisito de titulación esixido non se axusta coa titulación que se requiriu na convocatoria pola que ingresaron nesta administración. Asi, para a contratación inicial da praza de Guía Turístico e Medioambiental esixiuse a titulación de Ciclo Superior e para a praza de Animador/a Cultural esixiuse a titulación de Técnico en Animación Sociocultural ou Diplomado en Educación Social ou Maxisterio ou Traballo Social ou titulación equivalente.*

*Como consecuencia do anterior, por acordo plenario de data 27/03/2025 acordouse o inicio do expediente de revisión de oficio do acto de Aprobación das bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura de 1 praza de Guía turístico e medioambiental e de 1 praza de Animador/a cultural, mediante persoal laboral fixo, ao abeiro das previsións legais para a estabilización do emprego temporal.*

*Realizada a notificación do inicio do expediente de revisión de oficio ás persoas interesadas para que no prazo de 10 días presentaran as alegacións que considerasen necesarias e atendendo a que durante este prazo non se presentou ningunha alegación, procede continuar coa tramitación do expediente e solicitar Ditame ao Consello Consultivo de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 106.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.*

*Visto que a aprobación corresponde ao Pleno da Corporación conforme ao disposto no artigo 22.2.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,*

*Proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro**.- Solicitar Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 106.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación co artigo 12,f) da Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, do acto de **Aprobación das bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura de 1 praza de guía turístico e medioambiental e de 1 praza de animador/a cultural, mediante persoal laboral fixo, ao abeiro das previsións legais para a estabilización do emprego temporal, aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 439/2023, de 23 de maio de 2023**; en base á causa de nulidade prevista no art. 47.1.a) da Lei 39/2015, por lesionar o dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, recollido no artigo 23.2 da Constitución Española, ao requirirse nas bases específicas de selección, unha titulación superior á que se esixiu no seu momento para o ingreso nesta Administración e dacordo coa finalidade da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de estabilizar prazas coas funcións e categorías profesionais obxecto das contratacións iniciais.*

***Segundo**.- Remitir o expediente administrativo completo e a documentación necesaria para resolver*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*xunto con un índice da mesma.*
***Terceiro**.- Suspender o prazo máximo legal para resolver e notificar o procedemento polo tempo que medie entre a petición do Ditame do Consello Consultivo e a recepción do mesmo.*
***Cuarto**.- Comunicar ás persoas interesadas.”*

O sr. alcalde explica brevemente a proposta.
Don Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG manifesta que é un trámite preceptivo previsto na lei e que o seu voto vai ser a favor.
Don Francisco José Vidal Castro, integrante do Grupo Mixto e representante do PSdeG-PSOE pregunta se é necesario este persoal, xa que considera que sería más necesario persoal para tramitar procedementos de contratación.
Intervén o sr. alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP), para dicir que este persoal xa leva contratado desde fai tempo e que ahora se contratou a un técnico de xestión para as licitacións.
Don Fernando del Moral Regaldíe, integrante do Grupo Mixto e representante de UNIDAS-PODEMOS considérao positivo.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 10 [(6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto (Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
ABSTENCIÓNS: 1 [Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PsdeG-PSOE)]

Polo tanto, queda aprobado o seguinte acordo:

**Primeiro**.- Solicitar Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 106.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación co artigo 12,f) da Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, do acto de **Aprobación das bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura de 1 praza de guía turístico e medioambiental e de 1 praza de animador/a cultural, mediante persoal laboral fixo, ao abeiro das previsións legais para a estabilización do emprego temporal, aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 439/2023, de 23 de maio de 2023**; en base á causa de nulidade prevista no art. 47.1.a) da Lei 39/2015, por lesionar o dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, recollido no artigo 23.2 da Constitución Española, ao requirirse nas bases específicas de selección, unha titulación superior á que se esixiu no seu momento para o ingreso nesta Administración e dacordo coa finalidade da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de estabilizar prazas coas funcións e categorías profesionais obxecto das contratacións iniciais.
**Segundo**.- Remitir o expediente administrativo completo e a documentación necesaria para resolver xunto con un índice da mesma.
**Terceiro**.- Suspender o prazo máximo legal para resolver e notificar o procedemento polo tempo que medie entre a petición do Ditame do Consello Consultivo e a recepción do mesmo.
Cuarto.- Comunicar ás persoas interesadas.

**6.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN NÚM. 289/2025, DO 25/04/2025, EN CANTO Á APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DE MELLORA DE FIRME E INSTALACIÓN DE SANEAMENTO EN O APRAZADOIRO (POS+2025). EXPTE. NÚM. 2025/A008/000010.**
Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 289/2025, do 25/04/2025, en canto á aprobación do proxecto modificado de mellora de firme e instalación de saneamento en O Aprazadoiro (POS+2025)

O sr. Alcalde explica brevemente o motivo da ractificación da resolución.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)
CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Don Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG manifesta que non está en contra das obras que se van a realizar, que dentro do programa municipal do BNG o saneamento é unha parte moi importante, pero o proxecto está firmado por un enxeñeiro técnico industrial que non pode asinar nin redactar proxectos urbanísticos nin de saneamento, podendo incluso ser impugnable.

O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) contéstalle que está equivocado, que redacta proxectos de mais envergadura e para outros concellos, pero que se mirará.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 7 [(6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) e 1 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE)]
**VOTOS EN CONTRA:** 4 [(3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto (Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto, queda ractificada a mencionada Resolución da Alcaldía núm. 289/2025, do 25/04/2025.

## B) PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

### 7. MOCIÓNS GRUPOS MUNICIPAIS:

### 7.1. Moción que presenta o BNG de Laxe para a posta en funcionamento do punto de atención á infancia no curso 2025/2026. Expte. núm. 2025/G006/000016.

Dase conta da moción presentada:

*"MOCIÓN PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA NO CURSO 2025/2026*
*MARÍA CRISTINA VÁZQUEZ DEL PRISCO, portavoz 2ª do Grupo municipal do BNG no concello de LAXE ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte MOCIÓN:*
*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*
*Desde o BNG de Laxe volvemos reclamar ao goberno municipal, desta vez a través desta MOCIÓN a inminente apertura do Punto de Atención á Infancia (PAI). Unha obra que se rematou no 2020 e que, dende entón, permanece pechada e sen actividade, impedindo ás familias de Laxe poder contar con este servizo público, fundamental para garantir a conciliación familiar e o dereito á educación tamén nas idades máis temperás. Ao mesmo tempo que se facilita a conciliación familiar.*
*Ademais, lembrámoslle ao resto da corporación municipal que foi o propio BNG o que impulsou a construción do PAI no 2015, cando instou ao goberno municipal do PSdeG-Psoe daquel momento, que por certo non quería, a incluír esta obra no daquela POS da Deputación. Traballamos por tanto para conseguilo e, despois de finalizarse fai catro anos, vemos con impotencia como o goberno municipal non fai nada para a súa posta en marcha, sabendo o moito que o necesitan os pais e nais deste concello.*
*E reiteramos esta petición, ademais, trala recente publicación das listaxes de admisións nas escolas infantís dos concellos máis próximos, nas que os veciños e veciñas de Laxe quedan excluídos por non estar empadroados neses concellos o que resulta absolutamente incomprensible cando contamos cun espazo completamente habilitado, e cunha demanda moi elevada do que é, ademais, un servizo público esencial polo que nos parece inadmisible ver como ano tras ano os pais e nais do noso concello teñen que desprazarse, no mellor dos casos, ata Cabana, Ponteceso ou Vimianzo para levar ás crianzas á escola infantil e, en moitos outros casos, como estamos vendo estes días, quedan sen prazas e sen a posibilidade de que os seus fillos e fillas vaian á escola, cando teñen unha no seu propio concello que permanece pechada por falta de vontade política e de financiación como xa se nos*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*dixo aquí en varias ocasións, CUESTIÓN ESTA NA QUE O BNG NON ESTÁ EN ABSOLUTO DE ACORDO.*
*No BNG laxense culpamos ao goberno de priorizar outro tipo de gastos, como fixeron no pleno de outubro de 2022 gastando 740.000€ do remanente líquido de tesoureiría en cemento, cando con ese mesmo importe do remanente poderían ter sufragado a posta en funcionamento do PAI de varias anualidades, posto que sí é posible financiar un PAI co remanente, mais, é certo, con certas condicións como sería seguir os seguintes pasos:*
- *LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO:*

*Ao finalizar o ano, débese realizar a liquidación do presuposto municipal para determinar o remanente líquido de tesoureiría.*
- *APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA:*

*Débese aprobar unha modificación presupostaria para destinar parte do remanente líquido ao PAI*
- *ADECUACIÓN DA FINANCIACIÓN:*

*Débese garantir que a financiación do gasto deste recurso socioeducativo sexa compatible coa estabilidade presupostaria e coas reglas de contabilidade pública.*
- *CONTROL DA EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA:*

*Cómpre realizar un control da execución presupostaria para garantir que o gasto se destina á finalidade prevista e se cumpre coa normativa aplicable.*
*Polo tanto queda claro que é posible financiar un PAI municipal co remanente líquido de tesoureiría, eses fondos sobrantes que quedan na conta municipal ao final do ano, una vez pagados todos os gastos previstos no presuposto. Este remanente puede utilizarse para financiar gastos de capital, gastos xerais ou modificacións presupostarias, sempre que se cumpran as normas de contabilidade pública e non se afecte a estabilidade presupostaria, e a contía actual de remanente para gastos xerais, 293.878,87€, ben dan para, alomenos poñer a funcionar o PAI, mesmo sen a esmola da Xunta, que tendo competencias propias só aporta 9.200€ a pesar de enchérselle a boca ao Presidente Rueda da gratuidade do ensino de 0 a 3 anos pero obviando a financiación dos espazos educativos para tal fin.*
*É por todo o anteriormente exposto polo que propoñemos a adopción do seguinte*

*ACORDO*

*O pleno da Corporación Municipal de Laxe aproba, por unanimidade, iniciar as xestións oportunas cos servizos técnico-económicos municipais para tramitar a partida correspondente do remanente líquido de tesoureiría municipal para que se poida abrir o PAI de cara ao curso 2025/2026."*

Dona Cristina Vázquez del Prisco, concelleira do BNG de Laxe, explica a moción expoñendo que o PAI foi un proxecto impulsado polo BNG que despois de varios anos segue pechado, priorizando o goberno municipal outros gastos e vendo como os veciños e veciñas de Laxe quedan sen praza nas garderías dos concellos limítrofes por non estar empadroados. Na súa moción presentan cales poden ser os pasos que debe adoptar o goberno municipal para proceder á apertura do PAI, dispoñendo de contía de remanente suficiente para financiar os gastos xerais do PAI.
Don Fernando del Moral Regaldíe, integrante do Grupo Mixto e representante de UNIDAS-PODEMOS manifréstase a favor, considerando a xestión do equipo de goberno non axeitada.
Don Francisco José Vidal Castro, integrante do Grupo Mixto e representante do PSdeG-PSOE manifréstase a favor, xa que é unha vella reivindicación que foi apoiada no seu momento polo seu partido.
O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) manifesta que a intención é poder abrir o PAI, pero que agora mesmo non se pode dispoñer do remanente porque están en vigor as regras fiscais e estase incumprindo a estabilidade e a regra de gasto, o que obrigou ao concello a elaborar un Plan Económico Financeiro no que unha das medidas é que non se pode empregar o remanente para non crear máis inestabilidade. A intención é poder abrir o PAI e estanse dando pasos, como a adquisición, a través dunha subvención da Conselleria de Política Social, de mobiliario e equipos informáticos para poder solicitar o inicio de actividade e estanse redactando o regulamento e a ordenanza para a súa xestión.
Intervén de novo Dona Cristina Vázquez del Prisco, concelleira do BNG de Laxe, para decir que o remanente se gastou en pistas, obviando servizos necesarios e impedindo que se abran outros negocios porque en Laxe consta que existe un PAI, deixando sen servizo ás familias con nenos/as, e gastando cartos en mobiliario e materiais, cando aínda non está feito un regulamento.
Ao que resposta o sr. Alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP), que o diñeiro que se gastou con cargo ao remanente foi en servizos esenciais e que se compra o material para o PAI para poder dalo de alta e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

poder abrir canto antes, sendo necesario para o mantemento do PAI un gasto anual de entre 60.000 e 70.000 euros que é necesario orzamentar.
Insiste Don Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG que se pode financiar o PAI con remanente líquido de tesourería, pero priorizouse arranxar pistas, gastando case un millón de euros en cemento.
Ao que resposta o sr. Alcalde que non está de acordo con iso.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 5 [3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]
**VOTOS EN CONTRA:** 6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto queda rexeitada a moción proposta.

**7.2. Moción que presenta o BNG de Laxe para que o Goberno do Concello de Laxe elabore e poña en marcha un plan estratéxico para o verán 2025. Expte. núm. 2025/G006/000015.**
Dase conta da moción presentada:

*"MOCIÓN PARA SOLICITAR AO GOBERNO DO CONCELLO DE LAXE QUE ELABORE E POÑA EN MARCHA UN PLAN ESTRATÉXICO PARA O VERÁN 2025*
*María Cristina Vázquez del Prisco portavoz 2ª do Grupo municipal do BNG no concello de LAXE, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación, a seguinte MOCIÓN:*

*Exposición de motivos:*

*Laxe foi recoñecido como concello de interese turístico galego no ano 2007, distinción ben merecida que se chegou a conseguir ao cumprirse os requisitos establecidos para esta declaración, que teñen que ver coa alta afluencia de visitantes, os atractivos turísticos do destino e os servizos públicos dispoñibles como a rede de sumidoiros, recollida de lixo, seguridade e protección civil, ordenamento urbanístico, información turística e protección do contorno natural, mais que está baleira de contribución económica por parte da Xunta de Galicia.*
*Mais ano tras ano estes servizos públicos foron perdendo a súa efectividade e amósanse insuficientes, ademais de que o concello ten un grave problema de saturación de coches e de falta de aparcamento, que soportan os veciños e as veciñas desde hai anos. Os problemas de tráfico, estacionamento e accesibilidade ás beirarrúas son unha molestia para toda a veciñanza. Déronse algúns pasos pero son, ao noso xuízo, insuficientes.*
*Así mesmo a programación cultural foi perdendo forza e ambición, acabando con programas como o "A pé de rúa" ou cambiando de ubicación actividades tan senlleiras xa como o "Solpor poético" da Praia dos Cristais, así como tamén se perderon algúns programas de dinamización turística, nomeadamente o reLAXEse.*
*Os servizos dos nosos areais esperan a estar funcionando á chegada da bandeira azul, cando antes e despois somos moitos veciños, veciñas e visitantes os que xa tentamos desfrutar das nosas praias. Neste punto agradecemos ao grupo de goberno que atendera a demanda histórica do BNG de que as duchas permaneceran todo o ano.*
*Non podemos esquecer que o turismo é un dos motores económicos do noso concello do que dependen moitas familias, negocios de hostalería e comercio, beneficiando de xeito transversal á toda a nosa comunidade.Toda esta situación fai que sexa necesario que o concello artelle un plan estratéxico para preparar a vila e as parroquias para a chegada do verán e dos numerosos visitantes que se esperan.*
*Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG do concello de LAXE propón a adopcións dos seguintes ACORDOS:*

*ÁREA DE LIMPEZA:*

- *Plan de desbroze e limpeza da maleza de todas as zonas verdes, merendeiros, áreas de*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*recreo, camiños, etc, no casco urbano e nas parroquias, sin ter que chegar a agardar pola contratación dxs operarixs que subvenciona a Deputación da Coruña.*

- *Reforzar o servizo de limpeza. Baldear as rúas para unha limpeza profunda no casco urbano e nas parroquias antes e despois da tempada de verán.*
- *Lavado e desinfección dos contedores de lixo mínimo unha vez ao mes e tódalas semanas na zona de maior concentració hostaleira. Renovación daqueles que estean en mal estado.*
- *Recollida de lixo diaria durante a tempada de verán en tódolos núcleos.*
- *Reposición do mobiliario urbano deteriorado.*
- *Retirada das terrazas dos locais pechados durante anos.*
- *Arranxo dos baños de uso público.*
- *Coidado especial das rutas de sendeirismo homologadas, reforzando o seu desbroze e limpeza nos meses de verán.*

*ÁREA DE TRÁFICO E ORDENACIÓN:*

1. *Revisar o feito e reordenar a circulación no casco urbano, onde hai deficiencias como o sinal de rúa sen saída da Cova Grande.*
2. *Sinalizar todas as prazas de aparcamento. Pintar no chan as prazas habilitadas onde se podería aparcar, en función do bo desenvolvemento do tránsito rodado, e sempre co visto bo da Policía Local, sancionando a quén non estea aparcado nas mesmas. Algo se fixo, pouco, mais segue a ser insuficiente.*
3. *Habilitar aparcamentos realmente disuasorios e que cumpran cos todas as medidas legais e de seguridade, mediante a sinatura de comodatos cos propietarios das fincas, non vale só desbrozar e adentro, deben cumprir coa lexislación vixente na materia.*
4. *Instalación de bolardos para impedir o aparcamento nas rampas de acceso a persoas con mobilidade reducida e carriños de bebés.*
5. *Preservar o respecto polas prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida tamén durante as festas, ampliando o seu número, onde si xa se fixo algo, pero elimináronse tamén máis das que se debía.*
6. *Plan especial de tráfico nas festas patronais*
7. *Contar con persoal auxiliar de apoio á Policía Local solicitándolle ao Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes a inclusión de Laxe no grupo dos 11 concellos xa elexidos en 2024 e nos que se multiplica a poboación durante o verán e que conta cunha contía de entre 8.000€ e 21.500€.*
8. *Zona específicas para bicis, motos e caravanas debidamente sinalizadas.*

- *ÁREA DE TURISMO, ACTIVIDADES CULTURAIS E OUTROS SERVIZOS MUNICIPAIS*
  - *Horarios de biblioteca e ximnasio ampliados e apertura diaria de luns a venres.*
  - *Servizos nos areais e piscina dende o mes de xuño: contedores de lixo, limpeza e renovación do mobiliario necesario.*
  - *Reposición dos carteis das praias: Soesto, Traba, Praia dos Cristais.*
  - *Transformación do Museo do Mar de Laxe no Museo da Fotografía Histórica de Galicia e apertura do recurso durante todo o ano.*
  - *Actualización e uso da web de turismo que desde o 2 de xullo de 2021 ao 14 de novembro de 2024 non tivo, SORPRENDENTEMENTE, ningunha noticia e desde ese día ata o de agora tampouco.*
  - *Recuperar os programas de dinamización turística que se perderon, nomeadamente o reLAXEse, referente de programa de desestabilización do turismo único en Galicia, e sumar outros novos.*
  - *Apostar pola calidade en toda a oferta e programación cultural, con actividades especificas para publico xuvenil.*
  - *Crear campañas de concienciación sobre o respecto polo noso entorno e patrimonio.*
  - *Recuperar as campañas de dinamización do comercio, e apoio á hostalería, implicando á asociación COMERLAXE, que, desde que vostedes entraron no goberno hai xa 6 anos nin se dignaron en convocalos a unha reunión."*

Dona Isabel María Toja Toja, concelleira do BNG de Laxe resume brevemente a moción, sinalando os

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

puntos fundamentais nos que se debería actuar: limpeza, tráfico e ordenación e turismo e actividades culturais e outros servizos. Cita a modo de exemplo, o plan de desbroce de limpeza e maleza, o lavado e desinfección de contenedores como mínimo unha vez o mes, a retirada de terraza dos locais pechados, sinalización deficiente, como por exemplo, a sinal sen saída na Rúa Covagrande, actualización da páxina web ou a recuperación do programa Reláxese.
O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) contesta que esta moción xa se presentou o ano pasado e relata, en contestación á moción, unha serie de actuacións como o cambio de ubicación do solpor poético cando chove, tarefas de desbroce que realiza a empresa Dixardin e un operario todo o ano, que se van a contratar tres traballadores do programa Aprol durante nove meses, tarefas de limpeza do paseo marítimo e lavado de contedores antes de Semana Santa e que se intentará realizar antes do verán, a recollida de lixo en tódolos núcleos, a renovación de mobiliario urbano cunha subvención da Axencia de Turismo de Galicia e colocación de paneis informativos cunha subvención do Galp, que a sinal de Covagrande que foi solicitada polos veciños, que se van habilitar aparcamentos, etc. Tamén se refire ao programa Reláxese que non se conta con subvención e remata dicindo que case todo o que piden na moción está contemplado.
Ao que resposta Don Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG, que a subvención do Reláxese que a poden solicitar, que hai un compromiso se a presentan segundo as condicións pactadas.
Don Francisco José Vidal Castro, integrante do Grupo Mixto e representante do PSdeG-PSOE manifesta que en relación ás actividades culturais que se realizan que ten un criterio cultural distinto, que incluso coa Bandeira Azul xa hai concellos que non a piden e amosa o seu desacordo con que as duchas estean todo ano en funcionamento. No relativo á area de limpeza considera que é un dos problemas máis graves, sobre todo no verán, e que son necesarios baños no paseo de Laxe, así como que deberían habilitarse zonas de aparcamento disuasorio fóra do pobo. Remata dicindo que vai votar a favor da moción porque considera que hai moitas cousas por facer polo pobo.
Don Fernando del Moral Regaldíe, integrante do Grupo Mixto e representante de UNIDAS-PODEMOS manifesta que se podería chegar a un consenso sobre as medidas a realizar e que se debería contar co apoio de auxiliares de Policía Local.
Ao que resposta o sr. Alcalde que se solicitaran fai uns anos e non viñera concedido, pero que se valorará se se pode volver a solicitar, aínda que se reforza o servizo de Policía Local.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 5 [3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]
**VOTOS EN CONTRA:** 6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto queda rexeitada a moción proposta.

**<u>8. DACIÓN CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA. EXPTE. NÚM. 2025/G006/000008.</u>**
En cumprimento do disposto no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dase conta ao Pleno das Resolucións en extracto adoptadas pola Alcaldía dende a convocatoria da última sesión do Pleno ordinario ata a convocatoria da sesión de hoxe.

| **Nº Decreto** | **Nº de Expediente** | **Asunto** |
|---|---|---|
| 00207/2025 | 2025/G003/000182 | CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 27 DE MARZO DE 2025 |
| 00208/2025 | 2025/G003/000208 | PADRÓN DE CONTRIBUINTES ABASTECEMENTO DE AUGA, CONSERVACION, ACOMETIDA E CONTADORES. 1 TRIMESTRE2025 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)
CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | |
|---|---|---|
| 00209/2025 | 2025/G003/000214 | CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADÍSIMO DAS OBRAS DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS NA PARROQUIA DE SERANTES, NO CONCELLO DE LAXE. PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2024-2025. |
| 00210/2025 | 2025/G003/000215 | CONTRATO MENOR PLAN DE BACHEO DE NÚCLEOS RURAIS E SOLO RÚSTICO, NO CONCELLO DE LAXE |
| 00211/2025 | 2025/G003/000213 | Contratación por procedemento aberto simplificado para a execución de redes de saneamento nos núcleos rurais de Os Foxiños, Cernado, Canle, As Melgueiras e Cabanelas, da parroquia de Traba, Concello de Laxe |
| 00212/2025 | 2025/G003/000216 | CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DAS OBRAS DE MELLORA DAS REDES DE SANEAMENTO E PLUVIAIS NA PRAZA DE RAMÓN JUEGA. |
| 00213/2025 | 2025/G003/000218 | Adxudicación contrato menor control calidade obras mellora redes saneamento e pluviais Ramón Juega |
| 00214/2025 | 2025/G003/000217 | Tramitación de Decretos - 29345/2024 Resolución de primeras alegaciones Ordinario |
| 00215/2025 | 2025/G003/000224 | Reserva de instalaciones: M.J.V.C. |
| 00216/2025 | 2025/G003/000223 | Acordo de devolución de dous avais bancarios á empresa Inturasa Pérez Rumbao, S.A. |
| 00217/2025 | 2025/G003/000222 | Reserva de instalaciones: F.C.O. |
| 00218/2025 | 2025/G003/000205 | Reserva de instalaciones: T.R.R. |
| 00219/2025 | 2025/G003/000220 | Reserva de instalaciones: R.S. |
| 00220/2025 | 2025/G003/000219 | ASIGNACION COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE MES FEBREIRO AOS EMPREGADOS MUNICIPAIS |
| 00221/2025 | 2025/G003/000194 | DECRETO ADXUDICA CHARLA DIVULGATIVA DOS RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN SOBRE A SEMANA SANTA DE LAXE |
| 00222/2025 | 2025/G003/000227 | Convocatoria Subvenciones Nominativas 2024 |
| 00223/2025 | 2025/G003/000226 | Convocatoria Subvenciones Nominativas 2024 |
| 00224/2025 | 2025/G003/000221 | Convocatoria Subvenciones Nominativas 2024 |
| 00225/2025 | 2025/G003/000228 | Inicio do expediente de Contratación de obras de Implantación de rede de saneamento na Praza Ramón Juega, no Concello de Laxe |
| 00226/2025 | 2025/G003/000230 | CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE IMPLANTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO SEPARATIVA NA RÚA SANTA ROSA, CONCELLO DE LAXE. SUBVENCIONADA POLO POS+ ADICIONAL 2/2023 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA |
| 00227/2025 | 2025/G003/000231 | PLAN CONCERTADO 2025 |
| 00228/2025 | 2025/G003/000225 | APROBACIÓN DE NÓMINAS MES DEMARZO |
| 00229/2025 | 2025/G003/000232 | Nomeamento de Técnico/a de xestión, persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, do grupo A, Subgrupo A2, da Administración Xeral, Subescala de Xestión no Concello de Laxe. |
| 00230/2025 | 2025/G003/000233 | Aprobación do expediente de contratación obras de "Implantación de rede de saneamento separativa na Rúa Santa Rosa, no Concello de Laxe" |
| 00231/2025 | 2025/G003/000234 | Decreto de contratación do Contacontos e obradoiro "Chocolate", da compañía Teatro Calavera o día 27 de marzo ás 19:30, dentro do programa de dinamización cultural da Biblioteca Municipal Antón Zapata de Laxe. |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

| | | |
|---|---|---|
| 00232/2025 | 2025/G003/000236 | APROBACIÓN DO GASTO DE COMISIÓNS BANCARIAS POLA XESTIÓN DE COBRO DOS RECIBOS DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO, MES DE XANEIRO DE 2025. |
| 00233/2025 | 2025/G003/000237 | PAGO A JUSTIFICAR A A.L.A.. ITV VEHICULO C1035G |
| 00234/2025 | 2025/G003/000246 | APROBACIÓN DA RELACION DE FACTURA F/2025/16 |
| 00235/2025 | 2025/G003/000245 | Reserva de instalaciones: R. |
| 00236/2025 | 2025/G003/000244 | DECRETO P.M.H. MARZO 2025 |
| 00237/2025 | 2025/G003/000243 | PAGO A JUSTIFICAR A A.L.A. ITV VEHICULO 1522JKP. DIFERENCIAS |
| 00238/2025 | 2025/G003/000240 | Cancelación de aval bancario por importe de 1.635,95 euros á empresa Excavaciones Agra Castro, SL |
| 00239/2025 | 2025/G003/000241 | SOLICITUDE RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO R.M.G. |
| 00240/2025 | 2025/G003/000242 | Inicio do expediente de contratación da prestación do "Servizo de mantemento integral da instalación eléctrica da iluminación exterior, dos edificios municipais e demais instalacións eléctricas propiedade deste concello" |
| 00241/2025 | 2025/G003/000239 | DECRETO POLO QUE SE AUTORIZA O PAGO AOS GAÑADORES DO IV CERTAME PARTICIPATIVO DE ENTROIDO 2025 |
| 00242/2025 | 2025/G003/000238 | RELACIÓN DE GAÑADORES E APROBACIÓN DOS PAGOS DOS PREMIOS INCLUIDOS NA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS Á ACTIVACIÓN DO COMERCIO DO CONCELLO DE LAXE A TRAVÉS DA CAMPAÑA DE NADAL NO COMERCIO DE LAXE 2024/2025. |
| 00243/2025 | 2025/G003/000229 | CONVENIO ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO (MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL) E A FEMP PARA A POSTO EN MARCHA DUN PROXECTO DE ACHEGAMENTO DA ADMINISTRACIÓN Á CIUDADANÍA DO MUNDO RURAL - A ADMINISTRACIÓN CERCA DE TI |
| 00244/2025 | 2025/G003/000253 | PAGO A JUSTIFICAR A A.L.A., ITV VEHICULO MATRICULA C9354AU. |
| 00245/2025 | 2025/G003/000250 | Contrato Menor para a contratación do Contacontos e obradoiro "Chocolate", da compañía Teatro Calavera o día 27 de marzo ás 19:30, dentro do programa de dinamización cultural da Biblioteca Municipal Antón Zapata de Laxe. |
| 00246/2025 | 2025/G003/000249 | SOLICITUDE DE SERVIZOS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE DE A.N.T. |
| 00247/2025 | 2025/G003/000252 | DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SERVICIO PARA A IMPARTICIÓN DUNHA PONENCIA SOBRE O PATRIMONIO RELIXIOSO DO CONCELLO DE LAXE: AS IGREXAS, CAPELAS E CRUCEIROS. |
| 00248/2025 | 2025/G003/000254 | SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POR LIBRE CONCORRENCIA DE L.B.F. |
| 00249/2025 | 2025/G003/000257 | LIQUIDACIÓN RETENCIÓNS IRPF PRIMEIRO TRIMESTRE 2025 |
| 00250/2025 | 2025/G003/000255 | LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (IVE) PRIMEIRO TRIMESTRE 2025 |
| 00251/2025 | 2025/G003/000248 | DECRETO POLO QUE SE ADXUDICA O CONTRATO MENOR DE SERVIZO PARA A CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN MUSICAL DA FESTA DO PEÑÓN 2025 (LUNS 9 DE XUÑO) |
| 00252/2025 | 2025/G003/000251 | Determinación das retribucións salariais Aprol rural 2025 |
| 00253/2025 | 2025/G003/000258 | Acordo de solicitude de subvención para a contratación temporal de persoas traballadoras desempregadas ao abeiro da convocatoria para o |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | |
|---|---|---|
| | | Fomento do Emprego no Medio Rural (Aprol rural), para o exercicio do ano 2025 |
| 00254/2025 | 2025/ G003/000261 | CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LAXE E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SERANTES PARA A CESIÓN DO USO DO LOCAL SOCIAL VECIÑAL, ANO 2024 |
| 00255/2025 | 2025/ G003/000259 | Adxudicación contrato menor de servizos para "Realización do control arqueolóxico do proxecto de Renovación de firme en Rúa Hospital. Concello de Laxe |
| 00256/2025 | 2025/ G003/000265 | Reserva de instalaciones: R. |
| 00257/2025 | 2025/ G003/000264 | APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/17. OFI Nº 7/2025 |
| 00258/2025 | 2025/ G003/000263 | Reserva de instalaciones: N.V.R. |
| 00259/2025 | 2025/ G003/000262 | Reserva de instalaciones: G.D. |
| 00260/2025 | 2025/ G003/000256 | DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE INSERCIÓN DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL CO GALLO DO ESPECIAL DE SEMANA SANTA DE RADIO LÍDER |
| 00261/2025 | 2025/ G003/000269 | APROBACIÓN DE COMISIÓNS BANCARIA A ABANCA S.A. |
| 00262/2025 | 2025/ G003/000266 | aprobación padróns saf mes marzo 2025 |
| 00263/2025 | 2025/ G003/000270 | CONTRATACION POR PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE VÍAS NO LUGAR DE SOESTO (POS+ 2024) |
| 00264/2025 | 2025/ G003/000272 | Solicitude de subvención para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento CT211B) |
| 00265/2025 | 2025/ G003/000273 | CONTRATACION POR PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE VÍAS NO LUGAR DE SOESTO (POS+ 2024) |
| 00266/2025 | 2025/ G003/000271 | DECRETO DE ACALDÍA POLO QUE SE APROBA A 2ª ACTUACIÓN DE REPARACIÓN DA AVARÍA DO ASCENSOR DO MUSEO DO MAR DE LAXE |
| 00267/2025 | 2025/ G003/000260 | CONTRATO BASADO NO ACORDO MARCO PARA CONTRATACIÓN DO SUMINISTRO DE ELECTRICIDADE EN ALTA E BAIXA TENSIÓN A TRAVÉS DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP |
| 00268/2025 | 2025/ G003/000268 | APROBACIÓN DA APORTACIÓN MUNICIPAL AOS SEGUROS SOCIAIS DO MES DE MARZO DE 2025 |
| 00269/2025 | 2025/ G003/000275 | Certificación segunda e final da obra “Plan de bacheo de núcleos rurais é solo rústico, Concello de Laxe |
| 00270/2025 | 2025/ G003/000274 | DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE INSERCIÓN DE PUBLICIDADE NO ESPECIAL DE SEMANA SANTA DO DIARIO DE BERGANTIÑOS. |
| 00271/2025 | 2025/ G003/000276 | Acordo de solicitude de achega económica para a realización da actuación de “Mellora de eficiencia enerxética da biblioteca e salón de actos cultural municipal do Concello de Laxe” dentro da convocatoria pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes. |
| 00272/2025 | 2025/ G003/000280 | EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CREDITO Nº 10/2025 AO VIXENTE ORZAMENTO MUNICIPAL PRORROGADO DE 2024 PARA O 2025 POR XENERACIÓN DE CRÉDITOS. |
| 00273/2025 | 2025/ G003/000279 | Reserva de instalaciones: R.F. |
| 00274/202 | 2025/ | Reserva de instalaciones: C.S. |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

| | | |
|---|---|---|
| 5 | G003/000278 | |
| 00275/2025 | 2025/G003/000281 | Reserva de instalaciones |
| 00276/2025 | 2025/G003/000283 | Reserva de instalaciones do Polideportivo municipal para o día 16/04/2025 formulada por Ana Isabel Vázquez Rivera |
| 00277/2025 | 2025/G003/000282 | APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/18 |
| 00278/2025 | 2025/G003/000285 | AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVIZOS A B.C.G. PARA DESPRAZARSE AO PAZO DE MARIÑÁN EN BERGONDO (A CORUÑA) PARA ASISTIR Á XORNADA SOBRE DANOS MEDIO AMBIENTE |
| 00279/2025 | 2025/G003/000277 | RECOÑECEMENTO 7º TRIENIO J.V.M. |
| 00280/2025 | 2025/G003/000284 | CONTRATACION POR PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE VÍAS NO LUGAR DE SOESTO (POS+ 2024) |
| 00281/2025 | 2025/G003/000286 | Declaración de dispoñibilidade de execución das obras do proxecto técnico denominado “Mellora da rede de abastecemento nos Peñascales, Concello de Laxe” en base a subvención para a execución de actuacións para minimizar as perdas de auga en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, convocatoria para o ano 2025 con carácter plurianual (código do procedemento AU301E). |
| 00282/2025 | 2025/G003/000287 | Declaración de dispoñibilidade de execución das actuacións e en posesión das autorizacións e permisos necesarios para a realización do proxecto denominado “Mellora das redes de saneamento e pluviais na Rúa Real e na Rúa As Rías, Concello de Laxe” |
| 00283/2025 | 2025/G003/000289 | Convocatoria á Mesa de Contratación para apertura sobres A: Documentación administrativa e Referencias técnicas e sobre B: criterios non avaliables de forma automática |
| 00284/2025 | 2025/G003/000288 | CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24 DE ABRIL DE 2025 |
| 00285/2025 | 2025/G003/000292 | COMISIÓN SERVIZOS TRABALLADORA SOCIAL PARA ASISTIR REUNIÓN NA FUNGA |
| 00286/2025 | 2025/G003/000290 | Contrato Menor para servizo de contacontos "A bibliotecaria estrafalaria 2.0", dentro do programa de dinamización cultural da Biblioteca Municipal Antón Zapata de Laxe |
| 00287/2025 | 2025/G003/000295 | Reserva de instalacions; M.M.S. |
| 00288/2025 | 2025/G003/000294 | Aprobación do proxecto modificado de "Renovación de firme en rúa Besugueira, Concello de Laxe", Plan Adicional 2/2024. |
| 00289/2025 | 2025/G003/000293 | Aprobación do proxecto modificado de "Mellora de firme e instalación de saneamento en O Aplazadoiro, Concello de Laxe". POS+ 2025. |
| 00290/2025 | 2025/G003/000291 | Reserva de instalacións: R.V. |
| 00291/2025 | 2025/G003/000267 | DECRETO DE ALCALDÍA POLO QUE SE ADXUDICA O CONTRATO MENOR DE SERVICIO PARA A REALIZACIÓN DO TRADICIONAL PASARRÚAS DURANTE A FESTA PATRONAL DO 15 DE AGOSTO NA HONRA DA VIRXE DA ATALAIA. |
| 00292/2025 | 2025/G003/000247 | DECRETO POLO QUE SE ADXUDICA O SERVIZO PARA A CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN MUSICAL DA XIV EDICIÓN DO MAGOSTO E MOSTRA DE ARTESANÍA 2025 (SÁBADO 8 DE NOVEMBRO) |
| 00293/2025 | 2025/G003/000302 | ELABORACIÓN E APROBACIÓN DE NÓMINAS DO MES DE ABRIL |
| 00294/2025 | 2025/G003/000301 | SOLICITUDE SERVIZO AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA DE E.R.L. |
| 00295/202 | 2025/ | APROBACIÓN DE COMISIÓNS BANCARIAS DE ABANCA CORPORACIÓN |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

| | | |
|---|---|---|
| 5 | G003/000300 | BANCAIRA S.A. DEVOLUCIÓN RECIBO SAF MES XANEIRO 2025 DE E.L.C. |
| 00296/2025 | 2025/G003/000297 | DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO ALUGUER DE 2 BAÑOS QUÍMICOS PARA A FESTA DO PEÑÓN 2025. |
| 00297/2025 | 2025/G003/000296 | ASIGNACION COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE AOS EMPREGADOS MUNICIPAIS MES DE MARZO (NÓMINA ABRIL) |
| 00298/2025 | 2025/G003/000304 | Aprobación do proxecto técnico de "Mellora das Prazas do Areal, Concello de Laxe", redactado en abril de 2025. POS+ 2025 |
| 00299/2025 | 2025/G003/000303 | Reserva de instalaciones R.V. |
| 00300/2025 | 2025/G003/000305 | COMISIÓN SERVIZOS DA TRABALLADORA SOCIAL D.A.C. |
| 00301/2025 | 2025/G003/000307 | CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE REFORMA E MELLORA DA ENVOLVENTE EXTERIOR DO ALMACÉN MUNICIPAL SITUADO NA RÚA FRANCISCO CANOSA NEMIÑA, NÚM. 8,CONCELLO DE LAXE. SUBVENCIONADA POLO POS+ 2021 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA |
| 00302/2025 | 2025/G003/000306 | CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE REFORMA E MELLORA DA ENVOLVENTE EXTERIOR DO ALMACÉN MUNICIPAL SITUADO NA RÚA FRANCISCO CANOSA NEMIÑA, NÚM. 8,CONCELLO DE LAXE. SUBVENCIONADA POLO POS+ 2021 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA |
| 00303/2025 | 2025/G003/000299 | Tramitación de Decretos - 99500000035076 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio |
| 00304/2025 | 2025/G003/000308 | APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/19 . REC Nº 10/2025. Nº REPARO /2025 |
| 00305/2025 | 2025/G003/000310 | Reserva polideportivo para o día 02/05/2025, formulada por S.C.A. |
| 00306/2025 | 2025/G003/000309 | APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/21 |
| 00307/2025 | 2025/G003/000311 | APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS AO VIXENTE ORZAMENTO PRORROGADO DE 2024 PARA O 2025 POR XENERACIÓN DE CRÉDITOS. |
| 00308/2025 | 2025/G003/000313 | Tramitación Convenios de otros organismos: CONVENIO CON CENTRO EDUCATIVO EFAG FONTEBOA, LEO RAMA PÉREZ |
| 00309/2025 | 2025/G003/000312 | Contrato Menor: DÍA DO PATÍN 2025 |
| 00310/2025 | 2025/G003/000314 | APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURA F/2025/19. OFI Nº 8/2025. REC Nº 11/2025 |
| 00311/2025 | 2025/G003/000319 | Contrato Menor: MEDALLAS ROMAR |
| 00312/2025 | 2025/G003/000315 | CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE REFORMA E MELLORA DA ENVOLVENTE EXTERIOR DO ALMACÉN MUNICIPAL SITUADO NA RÚA FRANCISCO CANOSA NEMIÑA, NÚM. 8,CONCELLO DE LAXE. SUBVENCIONADA POLO POS+ 2021 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA |
| 00313/2025 | 2025/G003/000316 | SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE(ACTIVIDADE) NA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS NO RURAL DE LOCAL, FORMULADA POR M.I.S.L. |
| 00314/2025 | 2025/G003/000318 | SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO DE L.F.L. |
| 00315/2025 | 2025/G003/000317 | SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO DE M.E.A.C. |
| 00316/2025 | 2025/G003/000320 | CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DAS OBRAS DE MELLORA DAS REDES DE SANEAMENTO E PLUVIAIS NA PRAZA DE RAMÓN JUEGA. |
| 00317/2025 | 2025/G003/000321 | APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/24. |
| 00318/202 | 2025/ | VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, SAU. CANON AUGA. 1º |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

| | | |
|---|---|---|
| 5 | G003/000329 | TRIMESTRE DE 2025 |
| 00319/2025 | 2025/G003/000328 | SOLICITUDE DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POR LIBRE CONCORRENCIA DE G.R.L. |
| 00320/2025 | 2025/G003/000327 | AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVIZOS A S.V.M. PARA DESPRAZARSE Á CORUÑA O 13/05/2025 PARA UNHA XORNADA INFORMATIVA PROXECTO CONCELLO DIXITAL - PADRÓN ONLINE |
| 00321/2025 | 2025/G003/000326 | DEVOLUCIÓN SUBVENCIÓN. REINTEGRO IMPORTE NON XUSTIFICADO. TR351A 2021/49-1 |
| 00322/2025 | 2025/G003/000325 | Reserva de instalaciones: ALUGUER J.A.D. |
| 00323/2025 | 2025/G003/000324 | P.M.H. ABRIL 2025 |
| 00324/2025 | 2025/G003/000323 | DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE AUTORIZA A REALIZACIÓN DO XII MERCADO PIRATA DE LAXE 2025 (1, 2, 3 DE AGOSTO) |
| 00325/2025 | 2025/G003/000322 | APROBACIÓN DO GASTO DE COMISIÓNS BANCARIAS POLA XESTIÓN DE COBRO DOS RECIBOS DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO, MES DE FEBREIRO DE 2025. |
| 00326/2025 | 2025/G003/000331 | APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/23. OFI Nº 10/2025 |
| 00327/2025 | 2025/G003/000332 | Solicitud General a nombre de SPORT-EQUIPALIA SL. Solicita: Devolución del AVAL BANCARIO, inscrito el 16 de noviembre de 2023, en el Registro especial de avales con el número: 0182001097625, de importe 22.243,16€, ante el CONCELLO DE LAXE.. OBRA: IMPLANTACIÓN PISTA PÁDEL |
| 00328/2025 | 2025/G003/000333 | CONTRATACIÓN DE SERVIZOS, POR PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NA PRAIA DE LAXE E NA PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE LAXE. |
| 00329/2025 | 2025/G003/000334 | Contratación por procedemento aberto simplificado para a execución de redes de saneamento nos núcleos rurais de Os Foxiños, Cernado, Canle, As Melgueiras e Cabanelas, da parroquia de Traba, Concello de Laxe |
| 00330/2025 | 2025/G003/000336 | SOLICITUDE DE AXUDA NO FOGAR POR LIBRE CONCURRENCIA DE ANTONIO POSE SILVA |
| 00331/2025 | 2025/G003/000335 | Aprobación do expediente de contratación da prestación do servizo de "Vixilancia, rescate e salvamento na praia de Laxe e na piscina municipal do Concello de Laxe" |
| 00332/2025 | 2025/G003/000338 | DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE ADXUDICA O CONTRATO MENOR DE OBRA PARA A RECUPERACIÓN DOS MIRADOIROS DO CONCELLO DE LAXE 2025. |
| 00333/2025 | 2025/G003/000340 | PAGO A XUSTIFICAR PARA A REPARACIÓN DA LANCHA DE PROTECCIÓN CIVIL PARA O SERZIO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO |
| 00334/2025 | 2025/G003/000339 | SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO DE DONA E.M.L. |
| 00335/2025 | 2025/G003/000341 | DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE ALUGUER DO TREN TURÍSTICO PARA O 1 DE XUÑO DE 2025 (MEDIA XORNADA) |
| 00336/2025 | 2025/G003/000346 | Convocatoria á Mesa de Contratación para dar conta do informe técnico sobre criterios non avaliables de forma automática, apertura e valoración sobre C |
| 00337/2025 | 2025/G003/000345 | aprobación padróns saf abril 2025 |
| 00338/2025 | 2025/G003/000344 | DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE ANIMACIÓN DA FESTA DO PEÑÓN 2025 - LUNS 9 DE XUÑO |
| 00339/2025 | 2025/G003/000343 | CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE RENOVACION DE FIRME NA RÚA HOSPITAL |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

| | | |
|---|---|---|
| 00340/2025 | 2025/G003/000342 | Reserva de instalaciones: R.V. |
| 00341/2025 | 2025/G003/000337 | Tramitación de Decretos - 99500000035232 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio |
| 00342/2025 | 2025/G003/000351 | AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVIZOS A P.M.R. PARA DESPRAZARSE AO TALLER INTURASA PRA REVISIÓN CAMIÓN RECOLLIDA DO LIXO |
| 00343/2025 | 2025/G003/000352 | CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE RENOVACION DE FIRME NA RÚA HOSPITAL |
| 00344/2025 | 2025/G003/000350 | Reserva de instalaciones: R.S. |
| 00345/2025 | 2025/G003/000349 | Reserva de instalaciones: J.A.S. |
| 00346/2025 | 2025/G003/000348 | DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE 18 BANDEIRAS DE TELA IMPRESA CON DESEÑO PROPIO |
| 00347/2025 | 2025/G003/000347 | DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE INSERCIÓN DE PUBLICIDADE EN RADIO SOBRE O DÍA DE CANTOS DE TABERNA EN BARES E RESTAURANTES - 1 DEXUÑO DE 2025. |
| 00348/2025 | 2025/G003/000330 | ampliación de prazos do requirimento efectuado en canto á RRPP de M.J.S.D. |
| 00349/2025 | 2025/G003/000355 | Solicitude alta padrón contribuíntes |
| 00350/2025 | 2025/G003/000354 | AUTORIZACIÓN DEFINITIVA DA TRASMISIÓN LICENZA TAXI NÚM. 7 |
| 00351/2025 | 2025/G003/000353 | Tramitación de Decretos - 99500000035328 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio |
| 00352/2025 | 2025/G003/000360 | Convocatoria á Mesa de Contratación para apertura e valoración sobres A e B |
| 00353/2025 | 2025/G003/000359 | Reserva de instalaciones; R. 22 maio |
| 00354/2025 | 2025/G003/000358 | Reserva de instalaciones R. 21 maio |
| 00355/2025 | 2025/G003/000357 | MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS AO VIXENTE ORZAMENTO PRORROGADO DE 2024 PARA O 2025 POR XENERACIÓN DE CRÉDITOS. APROL 2025 |
| 00356/2025 | 2025/G003/000361 | APROBACIÓN DA APORTACIÓN MUNICIPAL AOS SEGUROS SOCIAIS DO MES DE ABRIL DE 2025 |
| 00357/2025 | 2025/G003/000362 | Comunicación substitución da secretaria do Xulgado de Paz e Rexistro Civil de Laxe A.D.V. por S.V.M. |
| 00358/2025 | 2025/G003/000363 | Tramitación de Decretos - 29345/2024 Resolución de recurso de reposición Ordinario |

Non hai intervencións.

**9. DACIÓN CONTA DO INFORME RESUMO ANUAL SOBRE CONTROL INTERNO 2024. Expte. núm. 2025/G006/000016.**

En virtude do establecido no artigo 37.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, traslado ao Pleno da Corporación o informe definitivo de control interno do exercicio 2024, para o seu coñecemento, debendo constituír a análise do mesmo un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non hai intervencións.

**10. DACIÓN CONTA DO PMP DO 1º TRIMESTRE 2025. Expte. núm. 2025/X998/000086.**

Dase conta por Alcaldía do Informe do Periodo Medio de Pago a proveedores do 1º trimestre do 2025, cun resultado de 27,70 días. Datos comunicados por Intervención de conformidade co artigo 4.1 b) da Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro pola que se desenvolven as obrigas de subministro de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

información prevista na Ley orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria, e de conformidade co establecido na D.T. Única do RD 635/2014, de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do PMP a proveedores das Administracións públicas.

Non hai intervencións.

**11. DACIÓN CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO 1º TRIMESTRE DE 2025. Expte. núm. 2025/X999/000030.**
De conformidade co establecido na Base 4ª do orzamento de 2024 prorrogado para o exercizo de 2025, dase conta ao Pleno da Corporación da execución orzamentaria do 1º trimestre de 2025, remitida por medios electrónicos ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Non hai intervencións.

**12. -ASUNTOS DE URXENCIA.**
Non hai.

**13.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Rogos formulado polos concelleiros/as do Grupo municipal do BNG.**
--Rogan que se solicite á Deputación da Coruña una nova edición do libro de Vidal.
O alcalde, Francisco Charlín Oróns (PP) resposta que xa se fixo.
Ao que resposta o sr. Pose Lema que puideron comunícalo.
--Rogan que se respecten as horas de descanso e que as tarefas de limpeza comecen a partir das 8.00 h porque hai queixas que andan desbrozando arredor das 7.00 h ou 7.30h.

**Preguntas formuladas polos concelleiros/as do Grupo municipal do BNG.**
-- Pregunta se consideran suficiente a programación realizada con motivo do mes do Libro e das Letras Galegas.
O alcalde contesta que sí, que se realizaron varias actuacións.
-- Pregunta polo feito de empregar as asociacións municipais para as actividades, que da a sensación de que non hai contraprestación por parte do concello.
O alcalde contesta que se lle convidou a uns pinchos polas Letras Galegas e que se lle prestan os locais.
-- Pregunta acerca de cal é a asociación á que se lle presta a Escola Unitaria de A Torre.
O alcalde contesta a asociación de veciños da Torre.
-- Pregunta cando se lle vai esixir a AXI que solvente a problemática dos chalets dos veciños.
O alcalde contesta que quedaron en presentar unha argumentación.
Xosé Manuel Pose contesta que hai un informe de Augas de Galicia e que o puxeron en coñecemento de AXI.
-- Pregunta acerca da problemática con Costas na Braña de Soesto.
O alcalde contesta que non se van a retirar nin o merendeiro nin as barbacoas, están delimitados os accesos á praia con pivotes e cordas, van a repoboar, a pasarela contra o Peñón van a retirar o tramo en mal estado e poñer unha pasarela nova. En Traba van facer sendeiros, algo no acceso a praia de Arnado e hai contactos con Costas e Medio Ambiente para retomar o proxecto de Costas.
-- Pregunta se está rematado o proxecto do camiño municipal na Torre de Laxe.
O alcalde contesta que sí.
-- Pregunta pola situación da obra de saneamento en Traba.
O alcalde contesta que teñen que facer o pozo de bombeo e esperar a que baixe o caudal.
-- Pregunta acerca da petición realizada polos herdeiros de Jaime Valdés para chegar a un acordo sobre os limites da propiedade da parcela do campo do escaravello, na que os propietarios manifestan que unicamente recibiron unha chamada telefónica para permitir aparcar as autocaravanas.
O alcalde contesta que están estudando a proposta.
Intervén Don Xosé Manuel Pose Lema para aclarar que nos comodatos deben incluír os dereitos e deberes dos participantes e que a Lei establece os dereitos en superficie.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Ao que resposta o sr. Alcalde que dispoñen dun modelo de comodato.

**Preguntas formuladas por Don Francisco Vidal Castro, concelleiro do Grupo municipal do Psde-G PSOE,**
-- Pregunta polo contrato de mantemento do alumeado.
O alcalde, Francisco Charlín Oróns (PP) resposta que se adxudicou mediante e un contrato menor e están os pregos listos para sacar.
-- Pregunta acerca da obra de saneamento en Traba, que están os camiños desfeitos por onde andaron.
O alcalde contesta que estiveron colocando o formigón e que falta o asfaltado, que virán acabar nunhas semanas que aínda non acabaron porque van esperar a que seque.
-- Pregunta acerca da solicitude realizada pola Anpa de instalar algún xogo no colexio.
O alcalde resposta que se lle arranxaron varias cousas, que a Xunta de Galicia enviou unha partida e cando se teñan os prezos a ver se se lle pode axudar en algo.

**Preguntas formuladas por Don Fernando del Moral Regaldíe (Concelleiro integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS PODEMOS).**
-- Pregunta pola retirada da grúa da Rúa Villa Amparo que se tratou no Pleno do 30/05/2024 e que xa pasaron 12 meses.
O alcalde resposta que se lle requiriu varias veces e que tiñan a intención de retirala, pero que non atopaba quen llo fixera.
Volve a preguntar o sr. Del Moral Regaldie se o pode facer o concello. O alcalde resposta que se mirará e se insistirá no tema.
-- Pregunta acerca dos criterios empregados para escoller as agrupación que participaron no día das Letras Galegas.
O alcalde resposta que non houbo un criterios, que foi por un tema de pandeiretas.
-- Pregunta acerca de cando ten previsto adaptar os parques infantís ás persoas con mobilidade reducida, que se tratou no Pleno do ano pasado.
O alcalde resposta que o parque está habilitado.
Ao que contesta o sr. Del Moral Regaldie que o que hai non é suficiente.
-- Pregunta acerca dun escrito presentado para arranxo de deficiencias nas escolas primarias, sobre todo, fallos eléctricos.
O alcalde resposta que non hai luz e que se volverá a mandar á empresa para revisar.
-- Pregunta se teñen realizado algunha xestión coa administración competente para mellorar o trazado ou a construción de variantes, na rúa que vai de Castrelo a Fornelos, cando o seu programa electoral incluía a mellora da seguridade vial.
O alcalde resposta que tiveron unha reunión con Mónica, de Vías e Obras da Deputación e falouse de sacar a circulación polo interior da Torre e quedaron de mandar un topógrafo e seguimos á espera de que nos digan algo máis.
-- Pregunta acerca da problemática da acumulación de áridos na parte occidental da praia, ao que Costas daba o visto bó á retirada de area e que o gasto tiña que ser asumido por Portos de Galicia e pregunta como repercute a nova Lei de Costas ao respecto.
O alcalde resposta que a partir do 1 de xullo asume a competencia a Xunta de Galicia e que oxalá se poida retirar a area, e que se poderá falar.
-- Pregunta se o equipo de goberno é coñecedor das afirmacións que hai no informe de control interno, no que un terzo dos gastos son por omisión da función interventora e pide que aclare as responsabilidade de que fala.
O alcalde resposta que se deron bastantes pasos para mellorar a situación, licitouse o contrato de subministro de enerxía, adaptáronse ordenanzas municipais, e vanse dando pasos.
-- Pregunta se a xente é coñecedora da sentenza do 19/07/2022 da Lei de axuizamento criminal, en canto á obriga de que no caso de ser coñecedor dun delito público, existe a obriga de denuncialo. .
O alcalde resposta que se procuran facer as cousas dentro da legalidade e se considera que non se fan ben, pode denuncialo.

Rematado o obxecto da presente sesión, o alcalde da por finalizada, sendo ás 21:14 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, estendéndose por min a secretaria-interventora accidental a presente acta que asina o alcalde; para que, unha vez aprobada a Acta polo Pleno do Concello de Laxe,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

se proceda a súa transcrición ao libro correspondente.

CVD: hoc6Xe2qIowhqORF+caq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)